

PROTOCOLO COVID 19, PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS DE ACCESO Á ESAD DE GALICIA 2021/22, NA SUA ESPECIALIDADE DE INTERPRETACIÓN.

Presentámosvos o seguinte protocolo baseado nas medidas coñecidas e publicadas polas autoridades sanitarias e educativas, relativas á prevención fronte ao COVID 19, que ten como obxectivo que as probas de acceso á ESAD de Galicia 2021/22, poidan realizarse dunha forma segura.

1.COMO ACCEDER AO CENTRO PARA FACER AS PROBAS.

a) Cada persoa aspirante ás probas de acceso teredes unha hora concreta de chegada ao centro, que poderedes consultar días antes na páxina web da ESAD de Galicia.

b).As persoas aspirantes accederedes á ESAD pola súa porta de entrada principal, mentres que a saída do centro realizarase por unha porta habilitada para tal efecto.

b).Para acceder ao espazo onde terán lugar as probas, o percorrido estará indicado por medio de carteis e sinais no chan, sen que poidades desviarvos do percorrido deseñado.

2.COMO ACCEDER AOS ESPAZOS PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS DE ACCESO.

a). A ESAD de Galicia facilitará un lugar previo ao espazo onde se realizará a proba de acceso, para uso particular, que será previamente desinfectado antes das súa ocupación. Neste espazo tamén agardaredes a vosa quenda para a entrevista persoal, que será individual.

b). As persoas aspirantes entraredes individualmente ao espazo destinado á realización das probas de acceso, no que coincidiredes un máximo oito aspirantes. Neste lugar, realizarase unha limpeza antes de acceder a el, e nel manteranse as distancias de seguridade (dous metros mínimo). O uso de obxectos para o desenvolvemento das probas será mínimo. Os

obxectos ou mobiliario propiedade da ESAD, serán desinfectados antes e despois de cada proba.

3. DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS DE ACCESO

- a).As probas de acceso desenvolveranse na Sala Pedra Seixa da ESAD de Galicia. Este espazo conta cunhas dimensións que fan posible manter folgadamente as correctas distancias de seguridade.
- b).As probas de acceso realizaranse cun máximo de oito aspirantes, para preservar a saúde de todas as persoas que participedes nas probas.
- c).Cada persoa accederedes á Sala desde o espazo habilitado para a agarda, e previo aviso do persoal da ESAD de Galicia.
- d). As persoas aspirantes estaredes situadas no palco da sala, no lugar exacto que vos indiquen, mentres que o tribunal (cinco persoas), ocupará indistintamente o palco e o patio de butacas; en canto ao persoal de limpeza, este ocupará un dos camerinos dos que dispón a Sala.
- e). Os membros do tribunal darán as indicacións precisas para o desenvolvemento da proba, desde o espazo que ocupen no patio de butacas.
- f). As persoas aspirantes non poderedes facer cambios de vestimenta durante as probas, polo que deberedes traer composto da vosa casa o vestiario indicado polo tribunal.

4. MEDIDAS DE HIXIENE E PREVENCIÓN OBRIGATORIAS DURANTE A REALIZACIÓN DAS PROBAS DE ACCESO.

- a). As persoas que accedan ao centro sempre deben facelo con máscara, e deberán mantela durante o tempo que utilicen os espazos comúns e durante a realización das probas.
- b). O centro contará con dispensadores de xel hidroalcolico, panos de papel e contedores hixiénicos na entrada ao centro, nos espazos onde se desenvolverán as probas, e nas saídas

habilitadas ao finalizar as probas. Ademais as entradas ao centro e os espazos onde se realizarán as probas, contarán con alfombras hixiénicas onde limpar as solas dos zapatos.

c). A Sala Pedra Seixa, onde se realizarán as probas de acceso, e a sala habilitada como espazo de agarda, estarán continuamente ventiladas.

d). A ESAD de Galicia, instalará no palco un punto de limpeza e hixiene para un seguro desenvolvemento das probas de acceso.